




ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA

AUDIENCIA PROVINCIAL
SECCIÓN SEXTA
SEDE EN VIGO

24273
S



ADMINISTRACIÓN
DE JUSTICIA

CIVIL

Role: 4208/09

Procedemento de crixe: Impugnación Tasa Costas 389/09
Órgano de procedencia: Vigo 13

- 9 MAR 2011

A Sección Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra con sede en Vigo, composta polos maxistrados D. I. lo, Presidente, D. J. po e D. ,

NO NOME DO REI

a seguinte

SENTENZA N° 213/2011

Vigo, catro de marzo de douce mil once.

VISTOS en grao de apelación, ante a Sección Sexta da Audiencia Provincial de Pontevedra, os autos do xuizo Impugnación Tasa Custas 389/09 procedentes do Xulgado de 1ª Instancia Núm. 13 ós que correspondeu o role 4208/09, nos que aparece como parte apelante-demandante BANCO I

representada polo/a procurador/a D./D.º José Antonio Fandiño Carriero e asistida do/da letrado/a D./D.º I. C. e como parte contra da que se apela e demandado D. José M. Gómez Lago e D. A. representados polo/a procurador/a D./D.º e letrado/a D./D.º e asistidos do/da D. E. o maxistrado relator quien expresa o parecer da Sala.

I. ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro: O Xulgado de 1.ª Instancia Núm. 13 de Vigo, con data do 20/4/2009, ditou unha sentenza coa seguinte parte dispositiva:

"Se desestima la impugnación de la tasación de costas de los Derechos del Procurador, fijados en la resolución dictada por la Secretaría de este Juzgado en fecha diecinueve de febrero de dos mil nueve, que se mantiene en su integridad. No ha lugar a la imposición de costas."


Segundo: Contra a dita sentenza o/a procurador/a D./D.º José Antonio Fandiño Carriero, en representación de D./D.º Banco S.A., presentou un recurso de



apelación, que foi admitido en ámbolos efectos, consonante o disposto no artigo 455 da Lei de axuizamento civil (LAC).

Logo de cumprilos trámites legais, eleváronse as presentes actuacións á Audiencia Provincial de Pontevedra e correspondéronlle por cuenda de reparto a esta Sección Sexta con sede en Vigo. Sinalase para a deliberación do presente recurso o día 24/2/2011.

Terceiro: Na tramitación desta instancia cumpríronse tódalas prescripcións e termos legais.



II. FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro. - Formulada solicitude de proceso monitorio, a parte peticionada formulou oposición, e como a cuantía litixiosa esixía a presentación d demanda de xuízo ordinario, e a parte solicitante non a promoveu dentro do prazo legal, o xulgado acordou, ao abeiro do artº 81B. 2 da L. A. C., o sobreseimientu das actuacións e a imposición das custas ao acreedor.

Interesada agora pola vencedora en custas a taxación, a vencida impugna, por indebidos, os dereitos do Procurador. Pois ben, a cuestión litixiosa é de orde puramente xurídica, e ven referida á interpretación que debemos facer do artº 9 do Real Decreto 1373/2003, de 7 de novembro, polo que apróbase o arancel dos Procuradores dos Tribunais, precepto que dispón: "1. O Procurador devengará polo conxunto da súa intervención no proceso monitorio a cantidade de 35 euros, agás de que sexa de aplicación o disposto no parágrafo seguinte. 2. Se nesta faxe se obtivera o cobro do reclamado, percibirase unicamente o 25 por cento dos dereitos fixados no artº 1, con mínimo de 35 euros. 3. Se houbera oposición ou execución, aplicarase o disposto nos artºs. 1 e 26, respectivamente".

Sosién, por unha parte, a vencedora en custas que como houbo oposición dentro do proceso monitorio, debemos estar ao parágrafo terceiro dese artigo, que se remite, para fixar os dereitos dos Procuradores, á táboa xeral do artº 1, que determina os dereitos arancelarios en atención á cuantía litixiosa.

Pola contra, o impugnante estima que o precepto aplicable é o parágrafo primeiro do referido artº 9, que dispón para o Procurador, pola súa intervención no proceso monitorio, a suma de 35 euros, e considerando entón que o parágrafo terceiro só debe rexir cando, por mor da oposición oposición ao proceso monitorio, tiverase incoado, e segundo a cuantía da lite, ora o xuízo verbal ora o xuízo ordinario.

Pois ben, o Tribunal, despois de sopesar os distintos criterios interpretativos da norma, se inclina por esta segunda posición.

En primeiro termo, é certo que o criterio literal apoiaría inicialmente a tese da parte impugnada. Neste senso, o parágrafo terceiro do artº 9 di rigurosamente que "se houbera oposición, aplicarase o disposto no artº 1", o que nos



obrigaria a acodir, sen máis e inexoradamente, á escala deste último artigo.

Máis as pautas interpretativas sistemática e lóxica ou teleolóxica conducen ao entendimento contrario.

En efecto, e en primeiro termo, pínsese que o parágrafo primeiro do artº 9 fala de que o Procurador devengara a suma de 35 euros "polo conxunto" da súa intervención no proceso monitorio, nunha mención que non pode ser entendida, tamén na súa literalidade, senón tan só como pola súa total actuación nese proceso, calquera que sexa o contido e trámites nel seguidos.

En segundo lugar, esa regra o devengo de 35 euros, do parágrafo primeiro, só admite a excepción nel reseñada, de que sexa de aplicación o disposto no "parágrafo seguinte" (de obter o cobro do reclamado dentro do proceso monitorio propriamente dito), sen que aquel primeiro parágrafo recolla igualmente como excepción o suposto do parágrafo terceiro, de oposición -ou de execución-.

En terceiro lugar, non semella racional que as custas do Procurador, sinaladas pola Norma arancelaria en 35 euros para proceso monitorio, se disparen -permítase a expresión- aplicando o parágrafo terceiro do artº 9, e a escala do artº 1, polo simple anuncio da oposición ao proceso monitorio. Concretamente neste suposto, de se partir da interpretación marítida polo vencedor en custas, percibiría 396,67 euros, cifra desproporcionalada con aquela, só pola reducida intervención daquel profesional, equiparándoa á más laboriosa, como é a que tería lugar, no seu caso, dentro do proceso ordinario ou verbal.

Derradeiramente, a versión da parte impugnada podería levar, mesmamente, ao abzano de que as custas derivadas do proceso monitorio con simple formulación de oposición, e sen chegar a haber proceso ordinario, serían superiores ás devengadas no proceso ordinario, de iniciarse este por mor da formulación da correspondente demanda no prazo legal dun mes. En efecto, de presentarse a demanda e de incoarse o proceso ordinario, se o actor desistira posteriormente, o Real Decreto de 2003 establece para estes casos de desistencia, no seu artº 2. j), que o Procurador devengará o 70 por cento dos dereitos que resulter de aplicar o artº 1, mentres que no caso de desistencia da formulación da demanda por oposición no proceso monitorio, e de seguirse a tese da parte vencedora en custas, os dereitos arancelarios do Procurador serían do cen por cen.

En conclusión, debemos entender: A) Que os dereitos arancelarios do Procurador dentro do procedimento monitorio son sempre por 35 euros, coa única excepción contemplada no parágrafo segundo do artº 9 (se dentro do proceso, ou en paralelo expresión da lei, dentro desta faxe, obtívérase o cobramento do reclamado). B) Que o parágrafo terceiro dese artigo está pensado tan só para cando se teña incoado o xuízo verbal ou o xuízo ordinario.

Os dereitos do Procurador alcanzan entón a suma de 35 euros, que máis 22,29 euros (artº 5) e 2,15 euros (artº 85).



RPL 0004208/2009

fai o total de 59,44 euros, que mallo IVE ao 16%, nos leva á cifra definitiva de 68,95 euros.

Segundo. - Ante as dúbdas xurídicas xurxidas non facemos unha especial pronuncia sobre as custas procesuais de ningunha das dúas instancias.

Por todo o exposto, e pola autoridade que a este Tribunal lle outorgan a Constitución e o pobo español,

DECIDIMOS

Que con estimación do recurso de apelación promovido por Banco a, S.A., representado polo procurador D. José Antonio Fandino Carnero contra a sentenza ditada polo Xulgado de Primeira Instancia núm. 13 de Vigo o día 20/4/2009, establecemos en 68,95 euros os dereitos do Procurador. Non facemos unha especial declaración sobre as custas procesuais de ningunha das dúas instancias.

Esta é a nosa sentenza, que assinamos, e que se redacta en galego consonte o establecido no art. 3.2 e 3 da Constitución española; no art. 5.1, 12 e 3 do Estatuto de autonomía para Galicia, aprobado pola Lei orgánica 1/1981, do 6 de abril; e nos arts. 1, 2, 6.3, e 7.2 e 3 da Lei 3/1983, do 15 de xuño, da Comunidade Autónoma de Galicia, de normalización lingüística.

Notifíqueselle ás partes a presente resolución, facéndolle saber que contra ela non cabe recurso ordinario ningún.

Devólveselle os autos orixinais ó xulgado do que proceden, cun testemuño desta sentenza para o seu coñecemento e cumprimento.